

Revista escolar

ESPERANZA

IES O Ribeiro

2020



**VIÑA
COSTEIRA**

R I B E I R O

**DENOMINACIÓN
DE ORIGEN**

www.vinoribeiro.com

Facebook: Viña Costeira

Twitter: @costeira_es

Sumario

Saída á "A Bela e a Besta".....	4
O Samaín - Concurso de Microrrelatos de Terror.....	6
Domund 2019.....	8
Saída ao cine en Leiro: O que arde.....	9
O magosto.....	10
A Biblioteca do Abrente.....	12
Dinamitación Ribeiro.....	13
25-Nov: Tod@Ss contra a violencia machista.....	14
Concerto de Santa Cecilia.....	15
Espectáculo "TECNO" co mago Richard: mulleres inventoras.....	16
Nadal 2019.....	17
O entroido.....	18
Día da Paz.....	20
Triángulo de Sierpinski.....	21
Exposición-concurso Células (1ºEso).....	22
Día de Rosalía.....	24
Orlas.....	25
Os nosos ciclos (CM EMV, Ciclos IA).....	39
- CM EMV.....	39
- Entrevista a Nuria, alumna do CM de Electromecánica.....	39
- Excursión dos ciclos de Mecánica.....	40
- FPB MV : restaurando un 4 latas.....	41
- CS de Vitivinicultura e CM de Aceites de Oliva e viños.....	42
- A FP Básica de I.A. no seu terceiro ano de implantación.....	45
- FPB IA: Exemplo de Receita (by Adrián+Vero).....	47
Día da muller - 8 de marzo.....	48
Letras corporizadas - Vídeo de ánimo.....	48
Clara, Fayna, Paula e Nerea ganan "LINGUA RODADA",con 'SAUDADE'.....	49
Día das letras galegas 2020.....	50
Ilustracións tridimensionais.	50
Saída ao Pazo de Otero Pedraio e a Oseira.....	51
Excursións de fin de curso (pasado) (Amsterdan (52) /Madrid(53)).....	52
Despedida 2º Bacharelato.....	53



Saída á "A Bela e a Besta"

O alumnado de 1º ESO acudiu ao Auditorio municipal de Ourense a ver a representación do musical "A Bela e a Besta", na marabillosa adaptación levada a cabo polo alumnado e profesorado do IES Xesús Taboada Chivite de Verín. Esta actividade proposta polo EDLG e organizada xunto con Vicedirección, realizouse o 22 de Outubro de 2019, e tivo unha fantástica acollida entre @s alumn@s.

O musical foi realizado integramente por alumnos, profesores e persoal non docente do IES Xesús Taboada Chivite de Verín, (adaptación da obra orixinal, traducións ao galego, decorados, vestiario, ...). Parabéns a todos os participantes por tan fabuloso traballo. Algúns d@s participantes nesta actividade nos contaron os detalles da saída, e que lles pareceu.

No autobús pequeno fomos 1C e catro nenos de 1 D. As profes que viñeron connosco foron: Cristina, de música; Carmen, de Bioloxía; Rita, de galego e Verónica, de apoio de castelán e galego. Cando chegamos a Ourense sacáronnos unha foto a todos. E antes de entrar xogamos a “pedra, papel, tesoura” con outros rapaces que estaban nunha ventá xa dentro. Sentamos na fila do medio. Foron nenos de todo Ourense e de distintas idades. Eu xa coñecía a algúns doutros colexios. A obra gustounos moito e estaba moi ben preparada. A que facía de Bela cantaba moi ben e o que facía de Gastón, tamén. As coreografías e os traxes estaban moi ben feitos e traballados. Ao saír de alí xa collemos o bus para vir de volta. Chegamos sobre as dúas. Velaí tedes a foto do grupo (Luna Gómez Domínguez. 1 ESO C).



Notouse moito todo o esforzo que fixo o alumnado e o profesorado dese colexio (IES Taboada Chivite de Verín) . Foi moi entretido e gustáronme moito os traxes e todo o traballo que hai detrás. Fixérono moi ben! Veríao moitas veces máis!
Laura Blanco (1ºA)



Houbo un pouco de todo: música, teatro, baile.. Preparárono xenial. Encantounos.

Iria Giráldez e Andrea Vázquez (1º A)



Sinto que necesitaron moito traballo, coordinación e tempo. Tamén dixeron que os traxes tardaron dous anos en facelos, a min gustáronme moito, pero o que máis me gustou foi o musical.

Brisa Cabrera (1ºA)



Gustáronme moito os traxes que fixeron os protagonistas, os seus papeis, o coro e como falaron cando se despediron ao final.

Lois Rodríguez (1ºA)



GOYMA
GOYMA
Papelería

- Papelería •
- Librería •
- Encuadernaciones •
- Impresión digital •
- Fotocopias •
- Trabajos de imprenta •
- Invitaciones de Boda •
- Sellos •

*Impresión digital Color y B/N
formatos hasta 33 x 48 cm
con los mejores precios del mercado*

Telf: 988 472 4 05 Rúa do Carballiño, 48
32400 - **RIBADAVIA** (Ourense)

O Samaín: Concurso de microrrelatos de terror





O equipo de EDNL organizou tamén un interesante concurso de microrrelatos de terror, incluíndo unha categoría de microrrelatos ilustrados. Había 3 categorías, dúas para a ESO e unha para Bacharelato. Para a ESO, se trataba de redactar un relato de, como máximo, 33 palabras, e coma temática o MEDO. No caso do alumnado de EPV e do Bacharelato de Artes, tiñan que acompañar o texto dunha ilustración.



Presentáronse un total de 48 traballos, 13 da ESO, e 35 do Bacharelato.

Neste artigo recóllese unha escolma dalgúns dos relatos presentados, e

entre eles os gañadores, pero temos que dicir que o nivel foi moi alto en xeral. Parabéns a tod@s @s participantes. (Para ver os microrrelatos ilustrados escanea ou preme no código QR).




UNHA NOITE TERRORÍFICA

Espertei tremendo tras oír un grito estremecedor da caixa de xoguetes que teño na habitación. Cando mirei vin a un pirata degolando con saña o resto dos meus outros bonecos.

A AVOA

Un neno estaba só na casa da aldea esperando que a avoa viñera da fonte. Anoiteceu e non volveu, así que foi mirar ao camino e non atopou a ninguén; soamente un charco vermello.



(1º Premio Relato Ilustrado - 1ºBach - Iria Taboada)

TRUCO OU TRATO

Nunha noite de outubro mentres os rapaces pedían caramelos polas rúas escuras dunha vella vila, decatáronse de que María desaparecera e mentres a buscaban viron a sombra dun terrorífico pallaso.

O morcego xigante pasou tan preto da miña faciana que non vin a figura inmóbil de ollos vermellos que sinalaba o camiño do cemiterio, lugar escuro, onde os seres deixan de falar.

(1º Premio - 1º ESO - Samuel Fernández)

Envíolle a mensaxe a Xoán

Púxose diante da cancela

As súas pulsacións marcaban un ritmo

Pum pum

Abriuna e botou a andar

Pum pum

As pegadas perdéronse na neve

Pum pum

E final.

(1º Premio - 1ºBach - Paula García)

A MORTE TAMÉN SABE XOGAR

Un dous, tres, catro, cinco...recitaban os nenos ás agachadas. A escura noite pecha contaba que de cinco nenos se trataba. Mais, desgrazadamente, a morte tamén xogaba.

Noite fría e bretemosa, rúa fría e desacougo. Camiñaba a paso lento, sabía o que ía acontecer. Mesma hora, mesmo día, tamén mesmo lugar. Corazón latente, xa as doce! Non hai volta atrás.

Cortegada, todo o que soñas



Concello de Cortegada



Este ano con motivo do DOMUND (a Xornada Mundial das Misi3ns) e do Mes Misioneiro Extraordinario, convocado polo Papa Francisco para o mes de outubro, un grupo de alumnos e alumnas de



Relixi3n de 4º da ESO, decidimos organizar unha colecta para poder axudar e apoiar economicamente os misioneiros e misioneras que est3n traballando por un mundo mellor e m3is xusto, nos diferentes pa3ses de misi3n.

Nas v3speras da celebraci3n do DOMUND, o misioneiro da congregaci3n dos Relixiosos Combonianos Juan Antonio Fraile acudiu 3 noso instituto para compartir con alumnos de varios cursos a s3a experienci3 nas misi3ns na Rep3blica Democr3tica do Congo (antiga Zaire).

Ese mesmo d3a 3 noiti3a, varios alumnos participamos tam3n nunha t3boa redonda no Club Art3stico, organizada pola Delegaci3n de Misi3ns da Diocese de Ourense e a parroquia de Santo Domingo de Ribadavia, na que uns misioneiros e unha misionera nos compartiron as s3as experienci3s, dende a dobre perspectiva, relixiosa e humana. Al3, 3 rematar, entreg3moslles un pequeno peto de aportaci3ns que moitos compa3eiros quixeron aportar; era unha cantidade pequena, pero 3a chea dun sentimento de sensibilizaci3n e esp3rito solidario pola nosa parte.



(Ismael Sotelo Villar 4ºC)

CARPINTERÍA
PINTOS
CARPINTERÍA
PINTOS

PUERTAS
ARMARIOS EMPOTRADOS
MUEBLES DE COCINA Y BAÑO
MUEBLES A MEDIDA
TARIMAS

Telf./Fax: 988 482 201 · Movil: 669 299 801

Zona Industrial " A Cancela " 32200 CORTEGADA (Ourense)

Saída ao cine en Leiro: O que arde



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

O día 8 de novembro o alumnado de 1º de bacharelato asistiu en Leiro á proxección da película do cineasta galego Óliver Laxe "O que arde". Logo da proxección visitaron as instalacións e o museo do cinema de Leiro, e posteriormente, cubriron unha enquisa sobre a película e a actividade.


Xuntamos unha imaxe no cine durante a proxección, e tamén algunhas capturas da análise da enquisa, na que detectamos, que máis alá do que a cada alumn@ lle parecera o filme, valoraron como moi positiva a actividade, e tamén outras cousas interesantes. Cabe salientar que a peli (sen "spoilear" nada), é a antítese das películas, que en xeral, van destinadas aos adolescentes. O impacto, de algo distinto, da moito xogo posterior para as clases...



Agradecemos moito o trato recibido por parte dese marabilloso "quijote" que é o dono do cine de Leiro. Agora que se fala dunha nova proxección de "Cinema Paradiso" nas salas, valoramos especialmente o privilexio de poder asistir a unha proxección así nun cinema, no cinema de Leiro.


En xeral, gustouche?

34 responses




Paréceche realista o que mostra da vida no rural galego dos pobos pequenos de montaña?

34 responses




Paréceche realista o que mostra sobre os lumes ?

34 responses




Que árbore é clave na entrada da película?

34 responses



Puntúa globalmente a experiencia de ir ao cine como actividade complementaria ás clases.

34 responses





O magosto

O día 11 de novembro tivo lugar o Magosto do IES O Ribeiro. Fixo bo tempo, e todo o mundo o pasou en grande.

Mentres se asaban as castañas, participamos nos xogos tradicionais: saltar á corda, carreiras de sacos, o truco, o pano, os aros, os zancos, a goma, o turra-soga ... E despois dimos conta dunhas estupendas castañas traídas pol@s alumn@s das distintas parroquias de O Ribeiro.



Agradecemos a colaboración de tod@s en xeral, moitas grazas!





Patrimonio artístico



Concello de Beade



A Biblioteca do Abrente

Desde o Edificio Abrente, para dinamizar a Biblioteca este curso académico, o noso principal reto foi que a comunidade educativa se achegara á Sala. Os nosos obxectivos primordiais foron:

- Suscitar interese no alumnado pola Biblioteca.
- Lograr a maior participación e colaboración nas iniciativas propostas.
- Dar a coñecer os recursos que ofrece.




Para todo iso decidimos concentrarnos nunha serie de actividades concretas: elaboración de carteleira para difundir a información, decoración e ambientación da Sala, revistas especializadas, concursos, xuntanzas e xogos.

Tivemos moi boa acollida e todo o mundo colaborou desde o primeiro día:

- A Familia de Automoción cedeunos unha chea de revistas do mundo do motor que, cada semana, podíamos renovar.
- A Familia de Industrias Alimentarias implicouse de cheo, destacando as saborosísimas elaboracións feitas polo seu alumnado.
- Mesmo os conserxes axudaron en todos os cambios de decoración que fixemos.

Pensamos que hai moito por facer, pero o noso maior logro foi que parte do alumnado fixo da Biblioteca o seu lugar de reunión.

¡¡GRAZAS!!





Dinamitación Ribeiro

Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



Este curso, alá por novembro, botou a andar o blog do equipo de normalización do IES O Ribeiro: "DINAMITACIÓN RIBEIRO".

Dende aquel primeiro post inicial, que anunciaba a declaración de intencións, e mais os integrantes do equipo co que se iniciaba o curso, a bitácora ten ido crescendo de forma constante, e nin a pandemia foi quen de parar as sucesivas publicacións, que recolleron as numerosas e moi diversas actividades de normalización que se foron levando a cabo durante todo o curso, período pandémico incluído.

É "Dinamitación Ribeiro" un blog irmán da Revista, que nutre parte dos contidos e axuda a organizar mellor o traballo. Acollemos con enorme leducia este feliz parto e a boa evolución do cativo, que

medrou este primeiro curso a unha gran velocidade. Animámosvos a participar no equipo de Normalización e a seguir de cerca as publicacións do blog. Preme ou escanea o código QR para ver dinamita agora...



CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS

CyC S.B.S.L.

SAN BENITO, S.L.

**32213 San Benito do Rabiño
Cortegada (Orense)**

Teléf. (988) 48 32 32




25-Nov.: Tod@s contra a violencia machista



Nesta data do 25 de novembro, o departamento de debuxo fixo VIOLETA a todo o IES O Ribeiro. Deste xeito, puxéronse violetas as portas das aulas, os corredores, as ventás, e naceu unha árbore violeta na entrada...

E as paredes enchéronse de traballos nos que unha palabra en galego simboliza a CONDENA... Ante o elevadísimo nivel dos traballos presentados ao concurso contra a violencia de xénero, ao equipo de dinamiteiros custoulle moitísimo escoller un gañador, resultando ser este, en último termo, Ángel González Kowalska, de 1º Bach. Este traballo de Ángel, foi o que se usou para a realización a portada desta revista.

Pero ademáis fixeron vídeos fantásticos, e unha chea de traballos que non debes deixar de revisar. Escanea ou preme no código QR.



Concerto de Santa Cecilia

É costume que no mundo da música, o 22 de Novembro, se festexe a Santa Cecilia Mártir. Segundo conta a tradición Santa Cecilia é patroa da música porque o día da súa voda mentres os músicos tocaban ela cantaba loanzas a Deus no seu corazón, porque non desexaba casarse debido a que consagrara a súa virxindade a Deus. Finalmente o Papa Gregorio XIII nomea patroa da música a Santa Cecilia, porque na súa vida tiña demostrado unha atracción irresistible cara os acordes musicais.

Este ano os alumnos e alumnas de 4º de música, coa axuda da súa profesora Cristina Salgado, decidimos organizar un concerto para celebrar o día dos músicos, que se celebrou o 22/11, durante os 2 recreos na entrada do noso instituto.

Todo empezou no 1º recreo, cunha pequena benvinda o público: alumnado, profesores e persoal non docente. De seguido, os alumnos de 4º de ESO, de música, interpretamos 2 pezas, “La la Land” e un fragmento da BSO da película “La Misión” dirixida por David Rguez. Vello. A continuación os alumnos de 1º de ESO interpretaron “Recordando París” e por último, os alumnos de 1º de Bach. de música interpretaron “O Son do Ar” dirixida por Iago Francisco F.

Xa no segundo recreo, abriron o concerto, os alumnos e alumnas de 3ª de ESO, que tocaron “Hymn for the Weekend”, do grupo Coldplay, deseguido os alumnos de 1º de ESO mais os de 4º de ESO de música, interpretamos xuntos a canción da película “O Rei León” dirixida novamente por David Rodríguez Vello.

Por último, para sorpresa de tod@s, Carolina Neira Rodríguez Hermida de 4º de ESO acompañada ó piano de Iago Francisco Fírvida de 1º de Bacharelato, fíxonos vibrar ca canción “Million Reasons” de Lady Gaga.

Foi unha experiencia moi divertida e agradable. Esperamos poder repetila o próximo curso.

Ismael Sotelo Villar e Jesús Álvarez González (4º ESO).



"TECNO" co mago Richard: mulleres inventoras


A tarde do luns 16 de decembro, o mago Richard veu ao IES O Ribeiro e fixo un espectáculo de maxia e ciencia.


Explicounos cos seus trucos o valor das mulleres no mundo da ciencia: Doña Angelita, Marie Curie, Tereshkova...

O truco que máis nos gustou foi o do burato negro: colleu dous papeis de cor negra e dous aros, xuntounos e fixo un burato no papel e empezou a saír cinta de moitas cores. Así devolveulles a luz ás estrelas.


Gustaríanos que volveira.

(Alumn@s de 1º ESO C)





Nadal 2019



O recibidor do instituto despediu o 2019 mesturando tradición, arte e xeometría, iso si, todo con nosos mellores desexos para o 2020! (Non sabíamos daquela o difícil que ía ser este ano).

A tradición viuse reflectida na exposición dun belén a cargo de departamento de relixión.

A arte na decoración estivo nas mans dos alumnos de Debuxo, que expuxeron os seus fantásticos traballos. Tiñan que facer unha “bola de Nadal” libre, sendo o obxectivo final a creación dunha árbore de Nadal conxunta, feita co traballo de todos e cada un deles. Para rematala fixeron unhas estupendas postais. Podes ver os traballos usando (escaneando ou premendo nel) no código QR.



A sorpresa correu a cargo do departamento de Matemáticas. O alumnado fixo unha árbore de xeometría cuxas formas escondían debuxos e mensaxes de paz





O entroido

O 21 de febreiro celebramos o Entroido e o alumnado disfrazouse facendo comparsas por aulas, cunha mesma temática, participando no concurso de disfraces. Grazas ao traballo de tod@s, alumnado, titores e profesores, houbo unha gran participación e variedade e o espectáculo foi un éxito. Parabéns para tod@s!





Ferretería do PUENTE, s.l.


FERRETERIA EN GENERAL
ACCESORIOS PARA LA INDUSTRIA DEL ATAUD

Rubén González Alonso
Mov.: 637 988 974

Rúa Progreso, 65
32400 - RIBADAVIA (Ourense) Tel/ Fax: 988 470 805
ferreteriadopuente@telefonica.net

Día da paz

Cada 30 de xaneiro a entrada do IES échese de mensaxes de paz e concordia, e de non violencia e tolerancia, e de solidariedade. O dpto. de Debuxo propuxo un traballo ao alumnado, que consistía en escoller unha palabra que representara o significado de paz e crear unha imaxe que reforzara dito significado. A imaxe tería que ser tridimensional. O alumnado tiña liberdade total para elixir o idioma no que escribir a palabra para reforzar o carácter de globalidade e liberdade. Xuntamos neste artigo algunhas imaxes, pero podes ver todos os traballos facendo uso do código QR, ben premendo, ou escaneándoo co teu móbil ou tablet.



Concello de
Avión



Patrimonio natural

TRIÁNGULO DE SIERPINSKI

No mes de decembro no IES O Ribeiro estivemos a traballar coas matemáticas dunha forma un pouco distinta a como o facemos o resto de ano. Os alumnos de 1º da ESO, axudados polos de 2º e 4º, construíron un fractal chamado triángulo de Sierpinski.

Un fractal é unha forma xeométrica que se repite infinitamente e que ten unhas características especiais, que poden aparecer mesmo na natureza.

O profesorado agradece ao alumnado a súa implicación neste proxecto, foi un gran traballo realizado en pouco tempo; tiveron que construír 286 pezas.

Nestas fotos podedes ver o proceso seguido.



Exposición-concurso Células (1ºEso)

Nas últimas semanas de febreiro os alumn@s de 1º da ESO estudaron as células dun xeito diferente!! Co resultado fixemos unha exposición e un concurso. A participación do alumnado superou todas as expectativas e houbo maquetas para todos os gustos e sensibilidades.

Ah! E recibimos os parabéns (parecéronlle impresionantes) de un galego ilustre, D. Ángel Carracedo, catedrático de medicina na Universidade de Santiago de Compostela e experto en xenética.

Grazas Eva pola iniciativa de facerlle chegar as fotos.

Parabéns a tódol@s implicad@s!!

(Xuntamos aquí algunhas imaxes, pero debes velas con tranquilidade no albúm ao que enlaza o código QR, xa que son moitas maquetas e de moita calidade (preme ou escanea o código QR))




Estas son as células vexetais



Estas son fermosas células animáis



Estas son as células procariotas



Gabriel González Alejos, de 1ºESO B, buscou pola casa e atopou unha toalla, ideal para a membrana plasmática e un cordón de zapatilla para o retículo endoplasmático



Xoan Martínez Puga, de 1º ESO B, propón unha procariota feita cunha pataca, garavanzos, escarvantes...

Resultado concurso: A Célula

Nº total de votos: 302

Nº da maqueta no concurso

Nº de votos. Fixádevos na célula procariota entre o 3º, 4º e 5º posto só hai un voto de diferenza.

	Nº célula	Votos	%	Posto	
Célula Animal	85	47	15,61%	1	1º D Saúl Sotelo Chao
Célula Animal	77	26	8,64%	2	1º B Sofía Cabaleiro Córdoba
Célula Animal	11	19	6,31%	3	1º A Eva Marina Miguez Pérez
Célula Vexetal	68	41	13,62%	1	1º D Valeria Villaroel Rivera
Célula Vexetal	12	41	13,62%	1	1º A Eva Marina Miguez Pérez
Célula Vexetal	18	20	6,64%	2	1º C Lucía Rivas Padrón
Célula Vexetal	74	20	6,64%	2	1º B Eduardo Romero Villegas
Célula Vexetal	8	19	6,31%	3	1º B Mauro Meréns Fernández
Célula procariota	13	28	9,30%	1	1º A Yonatan Rodríguez Rodríguez
Célula procariota	19	27	8,97%	2	1º C Lucía Rivas Padrón
Célula procariota	61	22	7,31%	3	1º B Xoan Martínez Puga
Célula procariota	9	21	6,98%	4	1º B Mauro Meréns Fernández
Célula procariota	31	20	6,64%	5	1º D Iker Rodríguez Estévez

Eva 1º A-
3º premio célula animal e
1º premio célula vexetal


Lucía Rivas 1º C-
2º premio célula vexetal e
2º premio célula
procariota

Mauro Meréns 1º B
3º premio célula vexetal e
4º premio célula
procariota

Resultados do concurso



Día de Rosalía



Pasou o entroido, e con el o luns 24 de febreiro, DÍA DE ROSALÍA. E nada máis voltar, despois de xornadas de traballo nas aulas de EPV, @s alumn@s de Bacharelato e 3º de ESO peitearon, vestiron, e maquillaron ducias de rostros e... ROSALIZAMOS A ENTRADA DO RIBEIRO!!

Todas estas Rosalías nos reciben e observan.

Pola súa banda, os alumnos de música de 1º de BAC prepararon a partitura de Pascual Veiga sobre o poema Negra sombra.






Lemos o manifesto da Asociación de Escritores en Lingua Galega, sobre o verso de Follas Novas, Errantes polo mundo. E tamén lemos un fragmento d'As viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos.

Sabela de Martín regalounos a súa experiencia como ximnasta.

Grazas a tod@s e GRAZAS, ROSALÍA!!!




Orlas do curso 2019-20






1º ESO A



1º ESO B




1º ESO C




1º ESO D




2º ESO A




2º ESO B



2º ESO C




3º ESO A



3° ESO B



4° ESO A




4º ESO B




4º ESO C



1º Bacharelato A



1º Bacharelato B



1º Bacharelato C



INFORMÁTICA
NOV@TEDI
 DIGITAL 



WWW.NOVATEDI.ES

C/ RIO MAO, 29 BAJOS
 32001 OURENSE - 988 60 39 10/11

brother
 at your side
 SERVICIO TÉCNICO OFICIAL


ESET
NOD32
 ANTIVIRUS

ASUS
 Inspiring Innovation • Persistent Perfection

FUJITSU



2º Bacharelato A



2º Bacharelato B




1º FP Básica IA/MV



2º FP Básica IA/MV

Ciclos formativos

1º Electromecánica de vehículos automóbiles - A



1º CM EMV

Ciclos formativos


2º Electromecánica de vehículos automóbiles - A



2º CM EMV



1° CM AOV



2° CM AOV



1° CS Vitivinicultura



2° CS Vitivinicultura

Os nosos ciclos

CM de Electromecánica de Vehículos

Neste curso impartíronse os 2 cursos (1º e 2º) do Ciclo Medio de Electromecánica de Vehículos, así como os 2 cursos (1º e 2º) da especialización da Formación Profesional Básica de Mantemento de Vehículos. Queremos desearlles moita sorte na nova etapa, ao alumnado que actualmente ven de rematar o ciclo: foi un pracer tervos connosco estes anos, moito ánimo a tod@s para a nova etapa que comezades!!

Entrevista a Nuria, alumna do CM de Electromecánica

Entrevista a Nuria Domínguez González, alumna que está rematando o Ciclo Medio de Electromecánica de vehículos no IES O Ribeiro, onde acadou unha nota media de sobresaínte.



Nuria estudou dende cativa, no IES O Ribeiro, e foi no curso de 3º da ESO onde descubriu a súa verdadeira vocación, que é a electromecánica de vehículos.

E- Bos días, Nuria, cóntanos ¿Como foron os inicios no ciclo de electromecánica?

N- A primeira semana era a única rapaza da clase sen coñecementos nin experiencia na electromecánica de automóviles e isto desanimoume bastante, pero servíume para superarme a min mesma e coller con mais ganas aínda, as rendas do meu futuro como mecánica de automóviles.

E- ¿Como coñeciches a existencia do Ciclo Formativo de nivel Medio de Electromecánica do IES O Ribeiro?

N- Nunha excursión que fixemos ó centro en terceiro da ESO onde coñecín as instalacións do Edificio Abrente e o que facían os alumnos. O que máis me chamou a atención foi ver como unha rapaza dominaba un coche a través dun ordenador.

E- ¿Como foi a túa experiencia no centro?

N- Moi boa, aprendín moito, e estiven acompañada de moi bos compañeiros.

E- ¿Que profesor non vas esquecer na vida?

N- É moi difícil dicir un só nome, case todos foron moi importantes na miña vida e na miña formación.

E- ¿Que portas che abriu este ciclo?

N- Traballar facendo algo que me apaixoa, e continuar a miña formación facendo o Ciclo Superior de Electromecánica.

E- ¿Que che gustaría que mellorase no ciclo?

N- Que houbese máis mulleres compañeiras, aínda que a relación cos compañeiros foi moi boa. No ámbito académico, gustárame que houbese máis preparación en matemáticas e física e química no temario do ciclo, para saír do ciclo cunha mellor base académica.

E- ¿Que che motivou a facer o ciclo?

N- Que me gustaban moito os coches, e cando tiveron o meu primeiro coche púxenme a arranxalo eu mesma e foi unha experiencia que me gustou moito e me enganxou dende o primeiro momento.

E- ¿Qué lle aconsellarías a alguén que queira facer o ciclo?

N- Que se a alguén lle gustan os coches e a mecánica, que o faga, porque apréndese moito e os profesores están connosco para todo, sendo moi próximos, unha grande diferenza coa ESO.

E- ¿Vas botar de menos o centro?

N- Por suposto, foron dous anos da miña vida que me deixan moi bos recordos.

E- ¿Que vas botar máis de menos?

N- Os días no taller cos profesores e os compañeiros. Aproveito para mandarlle bicos e apertas a todos os profesores en especial a Rubén, e ós meus compañeiros tamén.

Excursión dos ciclos de Mecánica

Dende o Departamento de Automoción organizamos unha excursión para o alumnado do CM de ELVEA e de FPB. O noso obxectivo foi achegarnos ao mundo do motor dunha forma máis lúdica e distinta á habitual. Visitamos tres exposicións, totalmente diferentes, pero igual de interesantes:

- A primeira visita da mañá foi ao Museo de motos clásicas de Manuel Gómez, situado en Mañufe (Gondomar). Atesoura unha das coleccións privadas de motos clásicas máis importantes de Europa. A moto máis antiga que posúe data de 1897; e todas as pezas están restauradas por el mesmo.
- A segunda visita foi ao Museo de Manuel Ferreira, situado ás aforas de Vigo. É unha das coleccións privadas de automóviles máis importantes de todo o país. Alí atopamos auténticas xoias (algunhas valoradas en máis de dous millóns de euros) de distintas épocas, e perfectamente conservadas. Hai que destacar a espectacularidade dos coches de competición.
- Pola tarde, fomos ao Salón do automóbil de Vigo, no IFEVI. É a maior exposición de motor de Galicia. Habería que destacar a súa amplitude e a presenza de marcas oficiais de todo tipo de automóviles. A mosan as novidades do mercado.

A calquera persoa afeccionada ao mundo do motor causaríalle o Síndrome de Stendhal, pero dende o Departamento de Automoción cualificamos como **ALTAMENTE RECOMENDABLE**.

Foi unha xornada intensa, na que coincidimos cos compañeiros de automoción do IES Laxeiro de Lalín. O comportamento da totalidade do alumnado foi exemplar, unha xornada na que compartimos andaina, opinións e incluso comida. Cun resultado moi satisfactorio que pon nun compromiso repetir a experiencia de novo con todo o alumnado da familia de automoción.



Concello de
Cenlle



Paisaxe, viño e termalismo

FPB MV : restaurando un 4 latas

Este ano a pesar dos cambios e das adaptacións que xera un novo curso (con compañeiros novos, novos profesores, novo centro...); os alumnos de FP básica de mantemento de vehículos comezaron a traballar nun novo proxecto moi apaixonante: a creación, restauración, reparación do noso catro latas “Kit-Car”. A idea xurdiu dos alumnos de 1º de FP básica, que comezaron e desenrolaron o proxecto dende o principio.

O primeiro paso e máis difícil, foi convencer ao profesorado para que lles deixasen practicar no coche, e poder reconvertelo en algo distinto, aproveitando as clases teóricas para adquirir os coñecementos necesarios, e algunhas das prácticas para levalos a cabo na restauración e transformación do vehículo.

O segundo paso foi propoñer un concurso de ideas na que se propuxo un deseño do coche entre a comunidade educativa do edificio Abrente, implicando a profesores, alumnado e persoal de servizos, incluso premiando as mellores ideas; pero o resultado foi nulo. Ninguén aportou ningunha idea.


Dese modo o alumnado fixo os seus croques, Cristian propuña un coche oxidado, Daniel “James” a cor branca e moita potencia, Rodrigo propuxo moitos faros no frontal, Eros propuxo a idea de anchealo, Cristian de desprazarlle as rodas, e Castor de pintalo cas cores oficiais da marca.

Tras acadar o obxectivo final e poñerlle nome ao proxecto, RESTAURACIÓN DO 4 LATAS KIT-CAR, comezouse o traballo de desmontaxe, para o cal aproveitaron as horas de Amovibles.

Repararon os golpes que tiña no teito, nas portas, nas aletas, no capó... Estaba todo magoado, non había peza que non tivese golpe.

Unha vez reparados os golpes comezouse a preparar superficialmente nas horas de PREPARACIÓN DE SUPERFICIES, ademais diso os alumnos estaban cos primeiros pasos de aprendizaxe de soldadura na materia de MECANIZADO, para comezar o proceso de ensanchado as aletas. Todo ocorría con normalidade, sen dificultade, os alumnos ilusionados e con ganas de avanzar, as portas xa estaban preparadas e o frontal comezaba a coller forma, pero...

Todo se trincou co maldito coronavirus, o proxecto tivo que ser suspendido...



Os nosos ciclos

CS de Vitivinicultura e CM de Aceites de Oliva e Viños

Este ano o Departamento de Industrias Alimentarias, impartiu o Ciclo Medio de Aceites de Oliva e Viños (1º e 2º), o Ciclo Superior de Vitivinicultura (1º e 2º), así como o ciclo de Formación Profesional Básica de Industrias Alimentarias (1º e 2º). Ao longo destes meses realizamos moitas actividades relacionadas cos ciclos que impartimos, cuxo principal obxectivo é por en práctica todos os coñecementos adquiridos durante o curso na aula.

Iniciamos o curso coa vendima no viñado de San Paio cedido por Jerónimo Docampo, no viñado de Os Chancís en Sober, e nos viñedos da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA), sita en Leiro, e que presenta coma unha das súas principais misións fomentar o desenvolvemento do sector vitivinícola galego mediante investigación, a formación e o asesoramento. Nas súas instalacións ao longo do curso realizamos distintas actividades, coma vendima, estudo dos sistemas de conducción, poda segundo diferentes sistemas, xornadas prácticas de análises de destilados e viños, estudo dos sistemas de destilación por arrastre de vapor, etc.



Coas uvas vendimadas elaboramos diferentes viños, brancos e tintos tanto xoves coma con crianza en barrica, rosados e tintos de maceración carbónica, empregando diferentes variedades de uva entre as que podemos destacar: Treixadura, Godello, Albariño, Xerez, Brancellao, Sousón e Mencía. A estes viños realizáronselles as prácticas enolóxicas precisas en cada momento, analíticas e demais operacións ata o embotellado e etiquetado final.

Elaboramos ademais, aceite de oliva virxe extra, con olivas da variedade Pícuál, de Córdoba, e con oliva dun oliveiral galego de Carmen Figueiral polo método tradicional de prensado en frío. Este curso, tamén realizamos unha visita a Ouro de Quiroga, situada en Quiroga, onde o alumnado participou na recolleita da oliva, puideron apreciar as características das variedades “brava galega” e “mansa galega” que foron aprobadas por resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios no 2017, coñeceron o equipamento e o proceso de elaboración do aceite de oliva virxe extra mediante o método de extracción centrífuga e coñeceron as posibilidades de aproveitamento do oruxo de oliva. En Quiroga visitamos tamén a adega Lar de Ricobao, onde elaboran viños brancos e tintos coas uvas de parcelas do entorno da Ribeira Sacra cultivadas con prácticas respectuosas polo medio ambiente.





Na Ribeira Sacra realizouse unha visita á bodega Algueira e o alumnado realizou prácticas de poda na parcela de Os Chancís, que o concello de Sober pon á nosa disposición para que poidamos realizar prácticas.

Tamén se realizaron prácticas de poda nun viñado de José Manuel Fernández na comarca do Carballiño. Por outra banda, no noso viñado e oliveiral fixéronse tarefas de labra, plantación de vides, abonado, poda de formación, poda de frutificación e enxerta de vides. Francisco Rego, que desempeñou a súa labor como técnico no EVEGA durante moitos anos, agasalounos coa súa presenza, como en anteriores ocasións, para a realización dunhas clases prácticas de poda e enxerta. Ademais das actividades propias de viticultura, vinificación e elaboración de aceite, realizamos outras moitas como análise de aceites e refinado dos mesmos, destilación de bagazo e viño en alquitara e alambique, elaboración de diferentes augardentes, licores e licores de crema, elaboración de sidra, vinagre de viño e sidra, cervexa e vermú, e realizamos as súas correspondentes análises químicas no laboratorio. Asistimos á “Xornada técnica sobre vinagres e innovación na súa elaboración”, organizada polo EVEGA, onde puidemos participar nun taller de cata de vinagres e asistir a diversas charlas sobre elaboración de vinagres.

O alumnado realizou ademais diversas catas de viños, algúns deles cedidos polas bodegas Crego e Monaguillo, Terra do Gargalo, Joaquín Rebolledo, Martín Codax, Bodegas Cuatro Pasos, Paco e Lola, Pazo do Mar e Regina Viarum. Realizaron tamén catas de aceites, augardentes e outras bebidas, na aula de cata que estreou


este curso unhas novas instalacións. Ademais, contamos coa presenza de Eladio Osorio de RS Delicatessen, que realizou una cata comentada de viños singulares. Tamén tivemos a oportunidade de catar diferentes augardentes e licores de Galicia nunha cata comentada realizada pola enóloga Sonia Otero, do Consello Regulador Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

Na comarca do Ribeiro visitamos a adega Casal de Armán e o Museo do Viño de Galicia, ademais de participar nunha visita guiada polo casco histórico de Ribadavia, vila ligada ó mundo do viño sobre todo a partir do século XI, estando a súa paisaxe do viñedo cualificada como protexida e incluída no concepto de "paisaxe cultural", segundo a consideración da UNESCO.

Tamén asistimos á feira Xantar, en Ourense, cos nosos alumnos, na que ademais de visitar as casetas e o túnel do viño, asistimos a unha clase de cata comentada de viños da Denominación de Orixe Monterrei.

Para completar os seus estudos, tanto @s alumn@s do segundo ano do Ciclo Medio de Aceites de Oliva e Viños coma do Ciclo Superior de Vitivinicultura, veñen realizando durante todos estes anos a Formación en Centros de Traballo, que este curso se substituíu por un proxecto. A realización da Formación en Centros de Traballo realízase en adegas, laboratorios enolóxicos ou fábricas de elaboración, refinado e envasado de aceite, ós que agradecemos a súa colaboración. O alumnado tamén ten a posibilidade de realizar a Formación en Centros de Traballo noutros países dentro do programa Erasmus, así como posteriormente prácticas para titulados.

Finalmente, queremos brindar o noso especial agradecemento a Francisco Rego, Eladio Osorio e Sonia Otero, que desinteresadamente acudiron este curso ao instituto para impartir varias xornadas (prácticas e teóricas) ao noso alumnado; e tamén aos centros colaboradores: EVEGA, Cooperativa Vitivinícola de O Ribeiro, Jerónimo do Campo (Adega Docampo), Aceites Abril e Concello de Sober (Finca os Chancís) e, por suposto, a todo o noso alumnado: moita sorte no voso camiño aos que xa rematades, e aos que seguides “esperámosvos no próximo curso!”



A FP Básica de I.A. no seu terceiro ano de implantación

O ciclo formativo de FP básica de Industrias Alimentarias está implantado dende o curso académico 2017-2018, incrementándose a matrícula ano tras ano! Este ciclo formativo está composto de varios módulos eminentemente prácticos, nos que o alumnado recibe,



prepara e procesa materias primas e auxiliares para a produción de gran variedade de produtos alimentarios, ademais do seu envasado e etiquetado para poder ser posto á venda. Para desenvolver as actividades prácticas contamos cunhas instalacións amplas, nas que en cada anualidade se mellora a súa dotación.

Ó longo do ano académico 2019-2020 os alumnos aprenderon a elaborar toda clase de produtos alimentarios, pasando por case todos os sectores de transformación industrial, realizando elaborados cárnicos como polo, costela, lasaña e hamburguesas; produtos e conservas vexetais como marmeladas (uva e mazá), marmelo; produtos de industrias pesqueiras como robaliza e salmón marinado; produtos lácteos como flan de ovo e natillas; produtos do sector da panadaría como bolos de pan, empanada de atún, masa de pizza; así como produtos de pastelería e repostería como galletas, pannacota de castañas,

cabelo de anxo, roscón de reis, orellas de entroido, bombóns, gominolas e follado.

Así mesmo, @s alumn@s deste ciclo, como segundo ano consecutivo, sementaron un horto experimental nas instalacións exteriores do edificio Abrente, coa finalidade de poder subministrar parte da materia prima necesaria para as elaboracións.

Aproveitando a sinerxía cos outros ciclos implantados no departamento de Industrias Alimentarias, @s alumn@s participaron tamén en actividades como a elaboración de aceite de oliva virxe extra e distintas elaboracións de viños na adega do centro, logrando así un amplo coñecemento das diferentes Industrias Alimentarias existentes.

Para completar a formación, realizáronse varias visitas a instalacións de empresas elaboradoras, entre as que destacamos a visita á Cooperativa Santa María de Loureiro, onde puideron observar os procesos de elaboración, envasado e tratamentos térmicos que sofren o leite, queixos, iogures e kéfir antes de chegar ó consumidor; e á industria de marmeladas Nela Gourmet



(San Cristovo de Cea) destacada pequena empresa, de nova creación, polas súas propostas creativas e orixinais de marmeladas e guarnicións; onde puideron observar dende a materia prima empregada, as etapas de elaboración, a maquinaria e equipos específicos, o produto final ata finalizar cunha degustación de produtos seleccionados.

Ademáis visitouse unhaalmazara, Ouro de Quiroga, onde puideron participar nos procesos de elaboración de aceites de oliva (recollida das olivas no campo, identificación de maquinaria e equipos específicos, aproveitamento do bagazo, etc.); e a adega Algueira na Ribeira Sacra onde participaron nunha charla guiada explicativa das distintas elaboracións de viños que produce.



Concello de Arnoia



Onde a auga reza, o viño fala e a pedra cala

FPB IA: Exemplo de Receita (by Adrián+Vero)


Unha das ideas que tiñamos este ano en mente en FP Básica de Industrias Alimentarias, era a de poder documentar o proceso de elaboración dalgunhas receitas para facelas accesibles a persoas que descoñeceran o idioma e/ou a persoas con dificultades de acceso á lectura.

Adrián (que é alumno de FP Básica de Industrias Alimentarias, en situación de escolarización combinada con outro centro) xunto con Verónica (mestra de P.T.), queren mostrarnos nesta sección un exemplo de como facer que os receitas sexan accesibles para todo o mundo, independentemente das habilidades de cada un. Engadindo imaxes dos ingredientes, dos utensilios e de cada paso; logramos unhas instrucións visuais e fáciles de interpretar para tod@s.

A receita presentada é un paté de mexillóns que se presentou na degustación da Feira do Viño do ano pasado (e que fora un éxito entre os asistentes). Esta, e outras suxestións culinarias (moitas delas saudables), atoparalas na web do IES O Ribeiro, no apartado de Orientación (podes premer ou escanear o código QR para ir directo ;-)).



Adrián listo para currar




Día da muller - 8 de marzo

No Departamento de Debuxo, con motivo do 8 de marzo, día internacional da muller, mobilizáronnos, tanto ao alumnado coma o profesorado e persoal non docente, e convertéronnos en ROSIE, A REMACHADORA, protagonista da campaña da “Westinghouse Electric”, que apelaba ás traballadoras desta fábrica norteamericana durante a segunda guerra mundial a manter a moral durante a contenda. Dende os 80 este cartel tense convertido nunha icona do feminismo, e así, nesta ocasión foron posando os integrantes do IES O Ribeiro, para facermos noso o cartel. Mensaxe feminista positiva.



Letras corporizadas - Vídeo de ánimo

Os alumn@s de 3º da ESO, baixo a tutela a distancia da súa profesora de plástica, utilizaron os seus corpos para modelar as letras, e con estas letras e imaxes relacionadas co IES crearon carteis cos seus nomes. Posteriormente usaron esas mesmas letras, feitas cos seus corpos, para crear un vídeo de ánimo, para toda a comunidade do IES O Ribeiro. O vídeo leva por título "Ánimo Valiente", e transcribe o texto da letra da canción con estas letras corporizadas pol@s alumn@s. Paga a pena velo. Preme ou escanea o código QR para ver os carteis e o vídeo.



Clara, Fayna, Paula e Nerea ganan "LINGUA RODADA", con 'SAUDADE'

Este curso o Departamento de Debuxo, animouse a presentar un proxecto para un programa de formación cinematográfica, de xeito que o noso IES foi seleccionado para formar parte e recibir a titorización e formación de profesionais do cinema. O Dpto. de Galego, uniuse ao programa a través da dinamiteira Rita dende o inicio, e todo o centro fixo un esforzo importante para facilitar a participación d@s alumn@s do Bacharelato de Arte nas numerosas sesións de formación que houbo ao longo do curso, ata que a Covid truncou o desenvolvemento de todo. Porén @s alumn@s presentáranse da man da dinamiteira, ao concurso de curtas "Lingua Rodada", acadando chegar á final a equipa composta por Clara, Fayna, Paula, e Nerea, e facendo tod@s os demais moi bo papel tamén. O caso é



que ao seren seleccionadas para pasar á final, "Lingua Rodada" facilitou outra formación impartida por Rubén Riós e María Canosa, para mellorar a curta e mais proporcionar máis formación a tod@s. É anecdótico o feito de que foi Rubén Riós o que nos avisou da suspensión das clases aquel xoves de marzo, cando remataba a MasterClass que estaban impartindo @s nos@s alumn@s.

Toda esta aventura e as curtas podédelas visualizar con detalle no blog de dinamización. Paga a pena ver as curtas, non solo "Saudade", xa que "Gomesende esmorecido", a curta de Aldara, Vanesa, Iago e Pablo Antonio, é outra curta fantástica que estivo moi preto de ser finalista. E o alumnado de arte, tivo así 3 profesores de luxo: Marcos (montador profesional) do programa "Cinema en curso" ao longo do curso, e Rubén e Inma, a distancia e nunha masterclass intensiva.



Todo este traballo bastaría para felicitar tanto as profesoras que se meteron neste lío, dedicándolle moito tempo, tamén e sobre

todo, fora do horario lectivo, coma por suposto aos alumn@s de Arte. Pero é que pese ao confinamento, e con especial ilusión, seguiron traballando con enorme determinación, ata o punto de que Saudade acaba de ser elixido coma o ganador do certame. Parabéns a tod@s, tamén á equipa ganadora, por suposto, pero dende aquí felicitamos a tod@s @s que vos metestes nesa "tolería", moitos parabéns!!

(Escaneando ou premendo o código QR podes obter moita máis info, e sobre todo, ver as curtas).






Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Día das letras galegas 2020



Este ano o día das letras galegas estivo dedicado ao profesor RICARDO CARVALHO CALERO, primeiro catedrático de lingua e literatura galega na Universidade de Compostela e ideólogo da liña reintegradora do galego e o portugués. Hai unha proposta para que a homenaxe se prorrogue durante o 21.



Animámoste a revisar os datos máis relevantes da súa vida, facendo as actividades que se propoñen no blog Dinamitación Ribeiro, premendo ou escaneando o QR.

Ilustracións tridimensionais...

Por outra parte, e relacionado cas letras galegas en xeral, os Departamentos de Galego e Debuxo, propuxeron ao alumnado un proxecto para a etapa de confinamento que consistía na creación dunha ilustración matérica de un poema de: Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro, Martín Códax, Ana María Fernández, Xoán Carlos Domínguez Alberte, mesmo García Lorca..., ou dun poema que lles gustase especialmente e que eles mesmos elixiran.

Fabricaron unhas caixas que recollen anacos do mundo...estas caixas conteñen fermosos poemas. Co traballo dos alumnos realizamos un vídeo que fixo que todos nos sentiramos un pouco máis cerca a través do son das voces. Podes ver todos os traballos premendo ou escaneando o QR, aquí poñemos algunha imaxe de mostra.



Patrimonio, natureza e futuro



Concello de Melón



Saída ao Pazo de Otero Pedraio e a Oseira

O curso de 3º ESO A e B o día 29 de novembro fomos de excursión ó Pazo Otero Pedraio e ó Mosteiro de Oseira, visita organizada pola profesora de música Cristina e acompañados do profesor de xeografía e historia Manuel Ángel. Primeira parada: Visitamos o Pazo de Otero Pedraio que foi un escritor e político cunha ideoloxía do galeguismo conservador. Nese pazo puidemos desfrutar do pazo e o terreo que o rodeaba. No interior estaba a entrada que daba á cociña, os obxectos non eran moi antigos xa que a familia segunda a época cambiaba os obxectos que viñan no pazo. Tamén vimos un par de habitacións e o salón-comedor, o dormitorio, o seu despacho, e unha sala de andeis cheos de libros de política, volumes de dereito e literatura galega. Despois nos levaron a un balcón que daba á última estancia de ocio do pazo. Trala visita do Pazo a guía levounos por unha senda verde ata o bar do pobo. Alí puidemos almorzar e coñecer a xente interesante do lugar, como unha muller que se criou no Pazo de Trasalba ó servizo da familia de Otero Pedraio.

Segunda parada: o Mosteiro de Oseira .Explicáronos os diversos estilos arquitectónicos, mentres o mestre Manuel Ángel nos recordaba as cousas que diramos o ano pasado. Ollamos un par de claustros, a igrexa, a sala capitular e o refeitório onde nos explicaran como comían e un monxe lía a Biblia subido a un púlpito. Unha das cousas que máis nos gustou foi ir a ver a biblioteca xa que non soen deixar entrar a ninguén. Nela vimos varios libros antigos. Máis tarde fomos ver como os monxes cantaban o Canto Gregoriano, no que había que estar en silencio, cousa que é difícil para



dúas clases que falan tanto, pero foi unha sorpresa o silencio que amosamos e o respecto que tivemos ao canto. Por último fomos á farmacia onde vimos varias plantas curativas, frascos antigos... Ao final da visita fomos a tenda de agasallos onde compramos recordos, sobre todo chocolate. A profesora de música agasalounos cun bolígrafo de recordo do Mosteiro de Oseira.

Pasamos todos xuntos un bo día e tivemos a sorte de que non choveu. O que máis nos gustou foi no Pazo Otero Pedraio a súa sala de estar, cos andeis cheos de libros, e os mapas que estaban enmarcados na parede. Mentres que no Mosteiro de Oseira foi a sala das palmeiras, a súa biblioteca de libros moi antigos, e o poder escoitar o canto gregoriano.



Excursións de fin de curso



Foto do grupo de bacharaleto do curso pasado desfrutando da fantástica viaxe a Amsterdam

Viaxe a Amsterdam

Ao final do curso pasado, 2018-2019, os alumn@s de Bacharelato fixeron unha viaxe para celebraren a finalización dos seus estudos no noso centro. O destino escollido foi Amsterdam, e con eles acudiron á capital italiana un grupo de profesor@s do centro.

Coñeceron de cerca outra cultura, a arquitectura tan peculiar da capital dos tulipáns, visitaron museos coma o Rijkmuseum, a canles, a casa de Ana Frank, e outros moitos lugares, e sobre todo gozaron de momentos maravillosos tanto polo que viron coma polo ambiente de camaradería que se vive cando se viaxa en grupo ao estranxeiro. Coma testemuña desta fantástica viaxe xuntamos aquí estas imaxes que nos facilitaron.



Viaxe a Madrid

Ao final do curso pasado, 2018-2019, un grupo significativo de alumn@s de 4º de ESO, fixo unha viaxe para celebraren a finalización da etapa da ESO.

Foron a Madrid, acompañados de varios profesores, e desfrutaron de 3 días de actividades culturais e de ocio, que lles permitiron coñecer a capital, visitando museos, zonas emblemáticas, desfrutando do seu ocio, musicais, parques, cultura, etc., e en definitiva gozaron dunha experiencia especial nun ambiente de total cordialidade que constituirá sen dúbida unha bonita lembranza, que supón un magnífico colofón a esta importante etapa das súas vidas.



Foto do grupo de 4ª de ESO do curso pasado desfrutando da fantástica viaxe a Madrid

Castro de Miño



*Natureza,
deporte e vida*



Despedida 2º bacharelato



2º Bacharelato A




2º Bacharelato B

Nesta última e especial sección, debería ir a Gradación dos alumnos e alumnas de 2º de Bacharelato, pero esta inimaxinada situación causada pola pandemia da COVID19, trastornou entre outras moitas cousas, a cerimonia ordinaria de gradación deste grupo.

Despois de barallar varias opcións, e dado que a data de peche desta edición da revista, non temos outra opción que pechar sen esa foto, decidimos deixar un recordatorio aquí, xa que seguen, seguides, no noso pensamento. Así mesmo, emprazámoslos a remitirnos algunha foto da celebración que teñen pensado facer cando poidan, e meterémola no número do curso que ven, xunto coa do correspondente grupo do próximo ano.

E sobre todo, conscientes de que agora iniciades unha nova etapa nas vosas vidas, queremos, máis que nunca, dende a comunidade educativa do IES O Ribeiro, que vos acolleu durante estes anos, desexarvos moita sorte no vieiro novo que agora se abre para vós. Parabéns a tod@s, e moito ánimo para as próximas etapas !!



Concello de Leiro



Terras de auga, pedra e viño

A Elección acertada:

AUTOS GONZÁLEZ



Microbuses e Autobuses
en Alquiler

Modelos Clásicos



Coches de Luxo
Modernos

www.autosgonzalez.es

OURENSE: C/ Coruña, 9 • C.P. 32005 • Tel. 988 22 30 36 • Fax 988 24 80 51 • At. ó Cliente: 609 57 20 57

VIGO: C/ Arenal, 60, 1º A • C.P. 36201 • Tel. 986 44 12 22 • Fax 986 22 20 11 • At. ó Cliente: 620 77 75 77

VIAXES COMPOSTELA: C/ Concordia, 13 • C.P. 32003 • Tel. 988 21 30 43 • Fax 988 21 32 41



AUTOS GONZÁLEZ,
ten como obxectivo estar
sempre a altura
das **necesidades**
dos seus **clientes**;
realizamos transporte
regular, discrecional
e aluguer de turismos
de luxo con condutor.

Contamos cunha extensa
flota de **autobuses**
e **microbuses** e unha ampla
gama de **vehículos**
clásicos e de luxo.

Pídenos orzamento sen
compromiso. A nosa dilatada
experiencia garantirache o
mellor servizo.

e Para
as túas Viaxes

**VIAXES
COMPOSTELA, S.A.**

AUTOS GONZÁLEZ, S.L.



**VIAXES
COMPOSTELA, S.A.**
www.viajescompostela.com
Info: 988 21 30 43
Calle Concordia, 13 - Ourense

**REGALO ESPECIAL
PARA LOS NOVIOS**
Consúltanos

Organizamos tu Viaje de Novios:

- Luna de Miel

- Transporte Novios

- Transporte Invitados



Y además las vacaciones te pueden salir GRATIS

Para reservas hasta el 18 de diciembre de 2013. Consulte las bases en avasa.com



Agencia del grupo:
Autos González, S.L.

www.autosgonzalez.es

Tu clásica Agencia de Viajes y ahora también en **Internet:**
visita, www.viajescompostela.com y podrás realizar **online** todas tus reservas

IES O Ribeiro



Curso 2020-2021

Ciclo Superior de Vitivinicultura

CM Aceites de Oliva e Viños

CM Electromecánica de Vehículos

Formación Profesional Básica

Educación Secundaria Obrigatoria

**Bacharelatos de Ciencias, Ciencias sociais,
Humanidades e Arte**

Educación Secundaria para persoas Adultas

Sección da Escola Oficial de Idiomas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES O Ribeiro

Edificio Abrente

Edificio Ribeiro

ies.oribeiro@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/centros/iesoribeiro/

Irmáns Álvarez Araujo, 5
Tel. **988 788 460** FAX. 988 788 466
Rúa do Carballiño, S/N
Tel. **988 788 266** FAX. 988 788 273
32400 – Ribadavia - Ourense

